

Castroverde, 27 de marzo de 2015 . O Alcalde.: Asdo.: Xosé M^a Arias Fernández

R. 1345

FOZ

Anuncio

Aprobación e exposición pública de Padróns fiscais e apertura do período de cobramento.

Por Resolución desta Alcaldía foron aprobados os seguintes Padróns de contribuíntes:

Padrón	Data resolución aprobación	Período de cobramento en voluntaria
Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de xaneiro e febreiro de 2015	24 de marzo de 2015	25 de marzo de 2015 a 25 de maio de 2015
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de xaneiro e febreiro de 2015	19 de marzo de 2015	24 de marzo de 2015 a 24 de maio de 2015

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra estes as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determinánse os períodos de pagamento en voluntaria reflectidos.

Ao día seguinte do vencimento do prazo do ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 26 de marzo de 2015. O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 1346

GUITIRIZ

Anuncio

ORDENANZA MUNICIPAL DE RESIDUOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Sendo aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión de data 29/01/2015 a "Ordenanza municipal de residuos do Concello de Guitiriz", e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública e non presentándose alegacións, considérase aprobada definitivamente e publicícase integralmente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non cabré recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 107.3, da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación do regulamento, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

“ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación
- Artigo 2. Definicións
- Artigo 3. Competencias locais
- Artigo 4. Prestación dos servizos
- Artigo 5. Obrigas xerais
- Artigo 6. Prohibicións
- Artigo 7. Régime fiscal

TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA

Capítulo I Disposicións xerais

- Artigo 8. O servizo de recollida
- Artigo 9. Clasificación de servizos de recollida
- Artigo 10. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos

Capítulo II Servizo de recollida ordinaria

- Artigo 11. Depósito de residuos
- Artigo 12. Recollida separada
- Artigo 13. Colectores
- Artigo 14. Recollida de vidro
- Artigo 15. Recollida de envases lixeiros
- Artigo 16. Recollida de papel e cartón
- Artigo 17. Aceites vexetais usados
- Artigo 18. Roupa e zapatos usados
- Artigo 19. Residuos de medicamentos e os seus envases
- Artigo 20. Pilas
- Artigo 21. Residuos de construcción e demolición procedentes de obras menores
- Artigo 22. Fracción Resto
- Artigo 23. Excrementos
- Artigo 24. Recollida nos puntos limpos
- Artigo 25. Información sobre separación e recollida de residuos
- Artigo 26. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos

Capítulo III Servizo de recollida especial

- Artigo 27. Recollida de residuos domésticos comerciais, industriais, de servizos e sanitarios asimilables a domésticos
- Artigo 28. Recollida de residuos comerciais non perigosos e de residuos domésticos industriais
- Artigo 29. Residuos de mercados
- Artigo 30. Animais mortos
- Artigo 31. Voluminosos: mobles e aparellos
- Artigo 32. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos
- Artigo 33. Vehículos abandonados
- Artigo 34. Servizo especial de recollida de vehículos ao final da súa vida útil
- Artigo 35. Podas e outros residuos de xardinaría
- Artigo 36. Solicitude do servizo municipal especial de recollida

TÍTULO III. INSPECCIÓN E SANCIÓN

Capítulo I Inspección e control

- Artigo 37. Servizo de inspección
- Artigo 38. Deber de colaboración

Capítulo II Infraccións e sancións

- Sección 1ª Infraccións
- Artigo 39. Infraccións
- Artigo 40. Infraccións leves
- Artigo 41. Infraccións graves
- Artigo 42. Infraccións moi graves
- Artigo 43. Prescripción
- Sección 2ª Sancións
- Artigo 44. Sancións leves
- Artigo 45. Sancións graves
- Artigo 46. Sancións moi graves

Artigo 47. Obriga de repoñer

Artigo 48. Multas coercitivas

Artigo 49. Prescripción

Artigo 50. Colaboración na execución de medidas xudiciais en materia de menores e recollida de residuos.

Artigo 51. Publicidade das sancións

Artigo 52. Competencia e procedemento sancionador

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Disposición derogatoria única. Normas derogadas

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. Entrada en vigor

Disposición final segunda. Competencia

Anexo I

Lista ilustrativa dos residuos a depositar en cada un dos colectores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Marco legal.

O artigo 45 da Constitución Española establece, como principio reitor da política social e económica, o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber dos poderes públicos, entre eles o municipio, de conservalo.

En cumprimento do anterior e de acordo co bloque de constitucionalidade en materia de medio ambiente aprobase a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados, que establece, por un lado, as competencias dos Entes locais en materia de residuos no seu artigo 12.5, concretando así o disposto nos artigos 25.2 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; e, por outro, na súa Disposición Transitoria Segunda, a obriga das Entidades locais de aprobar ordenanzas que se adapten á devandita lei antes do 31 de xullo de 2013.

Esta ordenanza apróbase tamén en desenvolvemento dás leis autonómicas 1/1995, do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia; 8/2002, de protección do ambiente atmosférico de Galicia; 10/2008, do 3 de novembro de residuos de Galicia, e 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia e dos plans de xestión de residuos da Xunta de Galicia.

Plans de residuos.

Na actualidade atópase en vigor ou Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020, que establece ás bases para impulsar a xestión de residuos urbanos en Galicia cara un novo escenario máis sostible e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e a valorización doux residuos. En función de diversos parámetros (particularidades do territorio, necesidades de infraestruturas, etc), este plan desenvolve dez liñas estratéxicas que desenrolan unha ou varias actuacións coa finalidade última de conseguir uns determinados obxectivos cuantitativos e cualitativos. Estas liñas estratéxicas son ás seguintes:

- Liña estratéxica 1: Plan de comunicación e educación ambiental.
- Liña estratéxica 2: Plan de prevención de residuos.
- Liña estratéxica 3: Fomento da recollida selectiva de fracción orgánica.
- Liña estratéxica 4: Fomento da recollida selectiva de fracción envases.
- Liña estratéxica 5: Fomento da recollida selectiva de fracción "outros".
- Liña estratéxica 6: Plan de ampliación e mellora de puntos limpos.
- Liña estratéxica 7: Ambientalización da administración.
- Liña estratéxica 8: Incremento da planificación territorial e impulso de novos instrumentos para a xestión sostible de residuos.
- Liña estratéxica 9: Planificación da rede de plantas de tratamiento.
- Liña estratéxica 10: Potenciación do mercado de reciclaxe e do compost.

Os obxectivos xerais que se pretende acadar, segundo o documento Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, son os seguintes:

- Estabilizar e reducir a producción de residuos en Galicia, en canto ao peso pero tamén en volume, diversidade e perigo, separando producción de residuos do crecemento económico.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída non mercado da reciclaxe.
- Potenciar a xestión/recollida en orixe da fracción orgánica doux residuos municipais.
- Potenciar ás recollidas comerciais en orixe.
- Potenciar ou mercado da reciclaxe.
- Garantir a complementariedade de modelos.

- Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar vos residuos xerados e para acadar os obxectivos e potenciar desta maneira a organización territorial e a capacitación de técnicos, baixo os criterios de suficiencia e proximidade, viabilidade económica e ambiental.
- Minimizar ou vertedura final en depósitos controlados, especialmente de fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar coñecementos da poboación e dos xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información.
- Acomodar ou sistema de xestión de residuos ó sistema de xestión urbana, como un elemento máis, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade, ou ruído, etc.
- Previr a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados.

Datos e particularidades de Guitiriz en materia de xestión de residuos.

De acordo co traballo de campo e vos datos recompilados polo equipo redactor do PXOU de Guitiriz, Guitiriz conta cunha superficie de 29.372,76 ha e unha poboación en torno aos 5.500 habitantes repartidos en 18 parroquias.

No anexo I do documento Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, aparecen recollidos os índices de ruralidade de tódolos municipios galegos, cuxos valores oscilan entre 0 e 10 (rural-semirrural e urbano), sendo clasificado Guitiriz como un concello rural cun valor de 0,13.

A xeración de residuos estimada polo concello en valores relativos (kg/hab/día) sitúase para o concello de Guitiriz entre 0,66 e 0,75, segundo os datos do PXRUG. O Concello ten asinado un convenio con SOGAMA (Sociedade Galega de Medio Ambiente). Este modelo separa 4 fraccións de residuos: resto (bolsa negra), envases lixeiros(bolsa amarela), papel - cartón e vidro.

O Concello tamén esta adherido Ecoembes, Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e ás Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos e aparellos eléctricos e electrónicos, dende o 2012, convenio entre a xunta de Galicia e OFIPILAS e Convenio entre a Xunta de Galicia e Ecovidrio.

A dotación de colectores dá fracción envases está definida na Carta de Servizos do Convenio Marco entre a Xunta de Galicia e Ecoembes 2005, que establece os requisitos básicos do servizo de recollida. A dotación prevista na carta de servizos (Anexo II) en litros máximos instalados por habitante para un concello rural é a seguinte: Iglú: 9,09, Tapa pechada - carga lateral: Non considerado, Tapa pechada - carga traseira: 9,09.

Para papel e cartón existen unhas especificacións en canto á dotación de colectores segundo o sistema de recollida e o tipo de concello, que se recollen na Carta de Servizos incluída non Convenio Marco entre a Xunta de Galicia e Ecoembes 2005, os litros/habitante para a zona rural son 11, e os habitantes por colector acadarán un máximo de 275.

Para o vidro, e segundo ou Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecovidrio de 2007, establecerase na zona rural un colector para cada 250 habitantes.

Lévanse a cabo actividades de sensibilización e educación para un correcto tratamiento dos residuos, entre as cales se atopa a implantación de composteiros caseiros, ou a de "Pequenas accións/grandes resultados" consistente no reparto de embudos para a recollida de aceites vexetais usados.

A recollida de residuos realizaase mediante a xestión directa do concello, contan na actualidade con seis rutas de recollida deseñadas para optimizar a carga do camión e a xornada laboral, que se esquematizaron non plano nº 08 do ISA do PXOM. Neste plano fixose unha identificación e localización de todos os colectores de lixo existentes no concello (en número e tipoloxía) e das rutas de recollida. Cóntase cun total de 51 colectores de papel, 41 de vidro, 260 amarelos, 18 de recollida de pilas, 12 de aceites vexetais, 2 de roupa usada e 650 para a fracción orgánica distribuídos polo termo municipal.

A liña de traballo a seguir é, en primeiro lugar, rematar con esos pequenos vertedoiros incontrolados que se aparecen ocasionalmente no concello e que se van eliminando segundo se van detectando, e favorecer a diminución de xeración de residuos e a súa axeitada separación.

Existen cinco puntos de recollida de plásticos agrícolas, situado nas parroquias de Os Vilares, Maríz, Santa Cruz de Parga, San Breixo de Parga e Pígara.

En canto a recollida de aparellos, realiza directamente o concello, o 1º e 3º mércores de cada mes, pasando a recollelos pola vivenda que previamente avisaron. Estes residuos son almacenados en colectores nas dependencias municipais propiedade da empresa Vertidos Cero que se encarga do seu posterior tratamento.

A recollida de papel realiza unha vez por semana, e encárgase a empresa COREGAL. DEPUNOR encárgase dá recollida de aceites VEXETAIS.

Perséguense reducir a produción de lixo por habitante, mediante medidas de reciclaxe de lixo, compostaxe caseiro, etc. Disporanse os colectores necesarios co fin de obter un tratamento axeitados de residuos. Realizarase unha recollida selectiva axeitada e acorde ás necesidades da poboación. En canto a construcción, tratase de reducir o emprego de materiais novos e promover a reutilización e a reciclaxe de materiais de construcción. Estableceranse garantías necesarias para o depósito dos materiais sobrantes de escavacións,

construccións, ou calquera outra fonte de residuos da construcción en vertedoiros autorizados e naqueles lugares que garantan ou seu axeitado tratamento.

Estrutura da ordenanza.

En cumprimento das anteriores previsións e no exercicio das competencias legalmente atribuídas ao Concello de GUITIRIZ, faise imprescindible a aprobación dunha nova ordenanza municipal sobre a recollida de residuos que estruturase en tres Títulos, unha Disposición Derrogatoria e dúas Disposicións Finais.

O primeiro Título contén as Disposicións Xerais, despois de incorporarse, como novidade seguindo a normativa básica, a potestade do Concello de recoller os residuos comerciais non perigosos. Concrétanse tamén as obrigas dos cidadáns en relación coa separación e entrega de residuos.

O Título II dedícase ao servizo de Recollida, distinguindo entre un servizo ordinario e un servizo especial; sendo común a ambos os dous a separación polos cidadáns dos residuos en distintas fraccións para favorecer a reciclaxe e o cumprimento do principio de xerarquía.

Finalmente o Título III aborda a Inspección e Sanción, incardinándose ambas as dúas potestades na Lei 22/2011, de 21 de abril de Residuos e Solos Contaminados.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación, no ámbito das competencias do Concello de GUITIRIZ de todas aquellas condutas e actividades dirixidas ao depósito e recollida de residuos municipais, respectando o principio de xerarquía, co obxecto de conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

2. No exercicio das competencias municipais, a presente Ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo en todo momento interpretarse e aplicarse de acordo coa lexislación vixente.

3. Todas as persoas físicas ou xurídicas que residan ou depositen residuos no termo municipal de GUITIRIZ están obrigadas a cumplir o disposto na presente Ordenanza así como as disposicións que no seu desenvolvemento dite o Concello.

Artigo 2. Definicións

1. Para os efectos do disposto na seguinte Ordenanza entenderase por:

a) Aceites vexetais usados: os residuos de aceites vexetais propios das actividades de fritir domésticas ou dos bares, restaurantes, hoteis e outros servizos de restauración, así como os aceites de conservas. Non se inclúen aquí outras graxas alimentarias.

a)Pila: a fonte de enerxía eléctrica obtida por transformación directa de enerxía química e constituída por un ou varios elementos primarios (non recargables).

b) Recollida: operación consistente no acopio de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.

c) Recollida especial: aquela recollida separada de utilización optativa por parte do usuario.

d) Recollida separada: a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo de natureza, para facilitar o seu tratamento específico.

e) Residuos comerciais: os xerados pola actividade propia do comercio, ao por maior e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

f) Residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos: aparatos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, a partir do momento en que pasan a ser residuos.

g) Residuos de construcción e demolición de obra menor: calquera residuo que se xere nunha obra de construcción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmoble do sector servizos, de sínxela técnica e escasa entidade construtiva e económica, que non supóna alteración do volume, do uso, das instalacións de uso común ou do número de vivendas e locais, e que non precisa de proxecto asinado por profesionais titulados.

h) Residuos de envases: todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor. i) Residuos domésticos: residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

Terán tamén a consideración de residuos domésticos:

- i. os similares aos anteriores xerados en comercios, servizos e industrias.
- ii. os que se xeren nos fogares de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e aparellos, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construcción e reparación domiciliaria.
- iii. os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

j) Residuos industriais: os resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, do 15 de novembro.

k) Residuos municipais: serán residuos de competencia municipal. A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados inclúe no concepto de residuos doméstico non só os xerados nos fogares senón os similares xerados en servizos e industrias (art. 3.c). Non obstante, á hora de establecer o servizo público obligatorio, inclúe só os domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos (art. 12.5.a), sinalando respecto aos domésticos industriais e aos comerciais non perigosos (art.º 12.5. c.2º) que a Entidade Local poderá xestionar eses residuos. De acordo co anterior na Ordenanza incluíuse no servizo público ordinario de recollida de residuos municipais, os domésticos de orixe industrial, comercial e de servizos así como os residuos sanitarios asimilables a domésticos ata certa cantidade. E, así mesmo, prevíuse a facultade do Concello de determinar, no seu caso, que os residuos comerciais non perigosos sexan recollidos polo Concello.

i. os residuos domésticos.

ii. os residuos comerciais non perigosos cando así o estableza o Concello de acordo co previsto na presente Ordenanza.

l) Residuo perigoso: aquel que presenta unha ou varias das características perigosas enumeradas no Anexo III da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como aquel que poida aprobar o goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte, así como os recipientes e envases que os contivesen.

m) Residuos sanitarios asimilables a domésticos: son os xerados como consecuencia das actividades sanitarias prestados en centros sanitarios, tales como hospitais, clínicas e sanitarios, consulta de profesionais liberais, centros sociosanitarios, centros veterinarios, etc., que non teñen a calificación de perigosos e que, de acordo coa normativa, non esixan requisitos especiais de xestión.

n) Unidades comerciais: aquelas dependencias dos Mercados destinadas á venda ao público e á prestación de servizos remunerados de carácter empresarial ou profesional, calquera que sexa o seu titular e con independencia do carácter que posúan: locais, casetas, etc.

o) Voluminosos: aqueles residuos que se xeren nos fogares que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria.

2. Para o resto de definicións estarase ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e normativa que a desenvolva

Artigo 3. Competencias locais

1. O Concello de GUITIRIZ é competente para a recollida dos residuos municipais xerados e depositados no municipio na forma que se estableza na presente Ordenanza e nos termos previstos na lexislación de residuos estatal e autonómica e na lexislación de réxime local.

2. Corresponde ao Concello de GUITIRIZ a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

3. O Concello de GUITIRIZ poderá:

a) Aprobar no marco das súas competencias e en coordinación co plan nacional marco e cos plans autonómicos de xestión de residuos, o seu propio programa de xestión de residuos e/ou o seu programa de prevención de residuos. No seu caso, o plan de xestión de residuos poderá incluír o programa de prevención de residuos.

b) Recoller os residuos comerciais non perigosos nos termos que se establecen na presente Ordenanza.

c) Recoller os residuos domésticos industriais nos termos que se establecen na presente Ordenanza.

Conforme ao Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 en desenvolvemento das Leis 10/2008, do 3 de novembro de residuos de Galicia, e 7/2008 de protección d'a paisaxe de Galicia, corresponde ás entidades locais:

- Prestar, por si sos ou asociados, os servizos derivados da xestión dos residuos urbanos ou municipais na forma que se estableza nas súas respectivas ordenanzas e, no seu caso, plans de xestión de residuos.
- Implantar sistemas de recollida selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibilite a súa reciclaxe e outras formas de valorización.
- Chegar a acordos cos que produzcan residuos comerciais para a consecución da súa correcta xestión.
- Elaborar os plans de xestión de residuos urbanos, de acordo co que, se é o caso, se establece na Lei 10/2008 e nos plans de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Xestionar axeitadamente os residuos urbanos ou municipais abandonados en vías ou espazos públicos de titularidade municipal.
- Vixiar, inspeccionar e sancionar non ámbito das súas competencias.
- Exercer as competencias que, no seu caso, lles sexan atribuídas con carácter temporal ou permanente polas administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo.

Artigo 4. Prestación dos servizos

1. Corresponde ao Concello de GUITIRIZ prestar o servizo de recollida de residuos municipais, de acordo co previsto na presente Ordenanza e na normativa aplicable e conforme aos sistemas técnicos e organizativos que en cada momento estime más conveniente para os seus intereses, tendo en conta a eficiencia operativa e económica do servizo e a calidade do servizo prestado aos usuarios.

2. A prestación deste servizo poderá levarse a cabo a través das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local.

3. Así mesmo, a recollida poderá levarse a cabo por cada Entidade local de forma independente ou mediante asociación de varias entidades locais a través da figura legal da encomenda de xestión ou calquera outra que proceda.

Artigo 5. Obrigas xerais

Os cidadáns están obrigados a:

- a) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal forma que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e colectores.
- b) Separar os residuos e depositar estes nos colectores ou puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coa presente Ordenanza.
- c) Se é o caso, sacar os colectores á vía pública para a súa recollida polo servizo público nas horas e lugares establecidos polo concello.
- d) Cumprir os horarios de depósito e entrega de residuos.
- e) Comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía ou espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construcción e demolición, etc.

Artigo 6. Prohibicións

Queda prohibido:

- a) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares diferentes aos especificados polo Concello.
- b) Depositar residuos en colectores contraviniendo o disposto na presente Ordenanza.
- c) Depositar en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascás e desperdicios similares.
- d) Manipular colectores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de colectores e desprazalos fóra das súas situacións.
- e) Utilizar os colectores para fins distintos aos previstos na presente Ordenanza.

Artigo 7. Régime fiscal

Pola prestación dos servizos municipais previstos na presente Ordenanza e cando así se establecese deberá aboarse a correspondente taxa, prezo público ou contraprestación económica de análoga natureza nos termos regulados nas respectivas ordenanzas fiscais ou similares.

TÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 8. O servizo de recollida

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

- a) No seu caso, traslado dos colectores de residuos aos vehículos de recollida, baleirado e devolución dos mesmos aos seus puntos orixinarios.
- b) Traslado dos residuos dos puntos de recollida e baleirado dos mesmos nos vehículos de recollida.
- c) Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión axeitadas.
- d) Retirada dos restos vertidos a consecuencia das anteriores operacións.
- e) Mantemento, lavado e reposición dos colectores e outros puntos de recollida municipal, con excepción daqueles colectores que sexan de uso exclusivo.
- f) Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

Artigo 9. Clasificación de servizos de recollida

1. Para os efectos do disposto na presente ordenanza, o servizo de recollida de residuos clasifícase en ordinario e especial.

2. A recollida ordinaria é un servizo de prestación obligatoria que se levará a cabo polo Concello, de acordo co disposto na presente ordenanza.

3. A recollida especial levarase a cabo polo Concello, únicamente cando o usuario así o solicite e, no seu caso, abonando a correspondente taxa ou prezo público.

4. Serán obxecto de recollida ordinaria as seguintes categorías de residuos:

- a) Os residuos domésticos procedentes de fogares particulares.
- b) Os residuos domésticos de orixe industrial, comercial e doutros servizos así como os sanitarios asimilables a domésticos, cando a entrega diaria sexa igual ou inferior a 120 kg/día ou litros/día.

Non obstante, non forman parte do servizo de recollida ordinario os seguintes residuos cando se xeren en comercios, servizos e industrias:

- residuos de aparatoss eléctricos e electrónicos
- a roupa e calzado
- as pilas e acumuladores
- voluminosos

c) Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
d) Os recollidos a través de punto limpo.

5. Poderán ser obxecto do servizo de recollida especial as seguintes categorías de residuos:

- a) Os residuos domésticos de orixe comercial, industrial e de servizos, así como os sanitarios asimilables a domésticos, cando a entrega diaria supere a cantidade dos 120 kg ou litros/día.
- b) Os residuos comerciais non perigosos.
- c) Residuos de mercados.
- d) Animais domésticos mortos.
- e) Residuos voluminosos, como mobles e aparellos.
- f) Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- g) Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.
- h) Residuos de podas e outros residuos de xardinaría cuxa entrega diaria supere a cantidade de 50 kg.

Artigo 10. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos

1. Os produtores e posuidores iniciais dos residuos domésticos e comerciais de competencia municipal son responsables de entregalos para a súa correcta xestión. A súa responsabilidade conclúe cando os entreguen nos termos previstos na presente ordenanza e no resto de normativa aplicable.

2. Os produtores e posuidores de residuos comerciais non perigosos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais, son igualmente responsables da súa correcta xestión. A tal fin deberán:

- a) manter os residuos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder;
- b) entregar os residuos en condicións axeitadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.
- c) Dispoñer do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

3. En caso de incumprimento polo produtor ou posuidor das obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos, o Concello poderá asumir subsidiariamente a xestión e repercutir ao obrigado o custo real da mesma.

Capítulo II Servizo de recollida ordinaria

Artigo 11. Depósito de residuos

1. Os cidadáns están obrigados á separación de residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como recollidas separadas se establecen na presente ordenanza e ao seu depósito nos colectores, lugares e horarios establecidos para o efecto conforme ao Anexo II da presente ordenanza.

2. O Concello levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dun ou varios das seguintes modalidades:

- a) Porta a porta, entendendo como tal o depósito do residuo en bolsa pechadas a granel ou en cubos ou fardos (no caso de papel cartón) depositados na vía pública nos lugares establecidos polo Concello.
- b) Colectores para cada fracción de residuos debidamente identificados.
- c) Puntos limpos.
- d) Outros sistemas que, se é o caso, se poidan establecer.

Artigo 12. Recollida separada

Os cidadáns deberán segregar para a súa recollida separada as seguintes fraccións de residuos:

- Vidro
- Envases lixeiros (envases de plástico, de metal ou de cartón para bebidas tipo briks)
- Papel e cartón (envases de papel-cartón e papel non envase)
- Aceites vexetais usados (biorresiduo)
- Roupa e zapatos usados
- Residuos de medicamentos e os seus envases
- Pilas
- Fracción Resto
- Animais mortos
- Voluminosos: mobles e aparellos
- Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e, no seu caso, segundo categorías:
- Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil
- Residuos de construcción e demolición procedentes de obras menores
- Residuos sanitarios asimilables a urbanos
- Podas e outros residuos de xardinaría (biorresiduo, artigo 3.g) da Lei 22/2011, do 28 de xullo)

Artigo 13. Colectores

1. Para o cumprimento da súa obriga de recollida de residuos, o Concello achegará, en relación coas distintas fraccións de residuos, os colectores correspondéndolle, así mesmo, o seu mantemento, lavado e reposición, cando sexa necesario.

2. Naqueles casos que o servizo de recollida de residuos se preste por calquera das formas de xestión indirecta, será responsabilidade do concesionario o seu mantemento, lavado e correcta reposición.

3. Non obstante o disposto no apartado 1 e 2 deste artigo, os usuarios dispoñerán dun colector, cuxas características serán definidas polo Concello, para uso exclusivo nos seguintes casos:

- a) Cando os usuarios así o soliciten, logo de autorización do Concello. Os devanditos colectores colocaranse na vía pública na ubicación e coa frecuencia definida polo Concello para a súa retirada polo servizo de recollida.

b) O Concello poderá obrigar ás comunidades de veciños á adquisición dun colector de uso exclusivo cando estas se encontren en zonas nas que, por decisión municipal seguindo criterios de eficiencia e eficacia do servizo, non se instalen colectores de uso colectivo.

En ambos casos corresponderá ao usuario ou comunidade de veciños o seu mantemento, lavado e reposición.

4. Non obstante o disposto nos apartados anteriores, será obligatoria a adquisición e utilización de colectores para a recollida separada de papel e cartón e fracción resto naquelas industrias, comercios e servizos que xeren un volume de residuos domésticos superior a 120 kg/día.

5. En calquera dos supostos anteriores, o Concello determinará a ubicación dos distintos colectores na vía pública atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para os usuarios e de saúde e seguridade públicas.

Artigo 14. Recollida de vidro

1. Os residuos de vidro deberán depositarse nos colectores identificados a tal fin.

2. No caso de botellas, botes e outros recipientes, os cidadáns deberán baleirar estes recipientes co obxecto de eliminar os restos de substancias que puidesen quedar así como separar tapas metálicas, tapóns de plástico ou outros residuos que inicialmente fosen parte do envase e depositalos no colector de envases.

Artigo 15. Recollida de envases lixeiros

1. Os residuos de envases lixeiros deberán depositarse nos colectores identificados a tal fin.

2. No caso de botellas, botes, latas e outros recipientes que contivesen restos de materia orgánica, como restos alimenticios, os cidadáns deberán baleirar completamente con carácter previo estes recipientes co obxecto de eliminar calquera resto destas substancias.

Artigo 16. Recollida de papel e cartón

1. Os residuos de papel e cartón limpos deberán depositarse, o máis pregados posible, no colector identificado a tal fin. En particular as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma axeitada para a súa introdución e disposición nos colectores.

2. Con carácter previo ao seu depósito os cidadáns deberán eliminar destes residuos todo resto metálico, de plástico así como de papel e cartón sucio, debendo depositar estes restos de acordo co disposto na presente ordenanza para a fracción resto.

Artigo 17. Aceites vexetais usados

1. Está prohibido verter aceites usados polos desagües.

2. Os cidadáns verterán os aceites vexetais usados en envases de plástico pechados de ata 2 litros e depositarán, ben no colector identificado a tal fin, ben no punto limpo.

3. Os titulares de restaurantes, bares, hoteis e outros servizos de restauración deberán dispoñer de colectores axeitados para a vertedura de aceites vexetais usados e entregalos a xestor autorizado.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, o Concello, de acordo co previsto no artigo 28.2 poderá acordar a incorporación obligatoria destes residuos ao sistema municipal de recollida.

Artigo 18. Roupa e zapatos usados

Os cidadáns depositarán roupa e zapatos usados en bolsas de plástico pechadas:

a) No colector sinalizado a tal fin.

b) No punto limpo.

c) Nos locais de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro ou nos colectores destas para a súa reutilización, sempre que as devanditas entidades fosen previamente autorizadas polo Concello para a recollida de roupa e zapatos usados.

Artigo 19. Residuos de medicamentos e os seus envases

Os medicamentos caducados, os medicamentos en desuso, os restos de medicamentos, e os seus envases serán entregados polos cidadáns nos puntos de recollida SIGRE, naquelas farmacias onde os houbese. No caso de que non existan puntos de recollida SIGRE, estes residuos poderanse entregar no punto limpo.

Artigo 20. Pilas

As pilas usadas deberán ser depositadas polos cidadáns en:

a) Os colectores debidamente sinalizados que se poderán localizar na vía pública, nos distribuidores, centros comerciais, etc.

b) Nos puntos limpos.

Artigo 21. Residuos de construcción e demolición procedentes de obras menores

Os cidadáns deberán depositar os residuos de construcción e demolición procedentes de obras menores segregados por materiais en bolsas resistentes, podendo entregar estes para a súa correcta xestión:

a) a xestor autorizado, ou

b) no punto limpo.

Artigo 22. Fracción Resto

1. Os usuarios deberán depositar a fracción resto en bolsas impermeables suficientemente resistentes que impidan as verteduras.
2. A fracción resto depositarase nos colectores identificados a tal fin, de uso colectivo ou de uso exclusivo.

Artigo 23. Excrementos

O posuidor dun animal deberá recoller as deposicións evacuadas por este na vía pública e os espazos públicos e depositalas nos colectores identificados a tal fin.

Artigo 24. Recollida nos puntos limpos

1. Os veciños poderán depositar no punto limpo as seguintes categorías de residuos:

- a) Aceites vexetais usados.
- b) Roupa e zapatos usados.
- c) Pilas.
- d) Voluminosos: mobles e aparellos.
- e) Residuos de construcción e demolición de obra menor.
- f) Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.
- g) Podas e outros residuos de xardinaría.
- h) Radiografias.
- i) Cristais, tales como vasos, pratos, copas, cristais de ventás e portas.
- j) Sprays con producto
- k) Envases a presión
- l) Outros

2. O punto limpo dispoñerá, de acordo co establecido na presente ordenanza e a natureza das súas instalacións, dun listado de residuos municipais admisibles.

Artigo 25. Información sobre separación e recollida de residuos

1. O Concello fará públicas as condicións de prestación do servizo e, en especial, as relativas aos días e horarios de depósito e recollida das diferentes fraccións de residuos, condicións e puntos de entrega así como calquera outra que estime conveniente para o correcto uso do servizo.

2. O Anexo I da presente Ordenanza contén unha lista ilustrativa dos residuos que deberán depositarse nalgunhas das categorías de colectores.

3. A devandita lista está dispoñible, así mesmo, na páxina web do Concello.

Artigo 26. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos

1. O Concello promoverá a realización de campañas e xornadas de sensibilización e educación en materia de recollida separada de residuos.

2. A tal fin poderá, entre outros, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos e asociacións de produtores.

3. O Concello, co obxecto de promover a recollida separada de residuos, informará a través da súa páxina web do tratamento final que cada fracción de residuos.

Capítulo III Servizo de recollida especial**Artigo 27. Recollida de residuos domésticos comerciais, industriais, de servizos e sanitarios asimilables a domésticos**

Os titulares de comercios, servizos e industrias, cando xeren unha cantidade de residuos domésticos por enriba de 120 Kg/litros/día deberán:

- a) entregarlos a xestor autorizado, ou
- b) solicitar o servizo de recollida especial de residuos municipais.

Artigo 28. Recollida de residuos comerciais non perigosos e de residuos domésticos industriais

1. Os comercios poderán entregar os residuos comerciais non perigosos a:

- a) xestor autorizado, ou
- b) solicitar o servizo especial de recollida de residuos comerciais non perigosos

2. O Concello de GUITIRIZ poderá establecer o seu propio sistema de recollida de residuos comerciais non perigosos e/ou de recollida de residuos domésticos xerados nas industrias de xeito motivado e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia na recollida destes residuos e determinar a incorporación obligatoria dos produtores dos devanditos residuos a este sistema.

Artigo 29. Residuos de mercados

1. Os dependentes están obrigados a separar de forma selectiva os residuos xerados pola actividade de mercado polo menos nas fraccións seguintes:

- a) Cartón.
- b) Envases.

- c) Materia orgánica cando así o estableza o Concello.
- d) Madeira, cando así o estableza o Concello.
- e) Resto.

A tal fin cada unidade comercial dispoñerá de colectores diferentes.

2. Cada dependente, á hora do peche do Mercado, depositará o contido de cada colector no lugar do mercado, horario e condicións indicado polo Concello ou establecido pola normativa aplicable.

3. O titular ou o concesionario de cada unidade comercial será responsable da correcta xestión dos residuos xerados pola actividade de mercado, podendo entregalos para a súa correcta xestión:

- a) un xestor autorizado, ou
- b) solicitar o servizo especial de recollida de residuos de mercados.

Artigo 30. Animais mortos

1. Queda prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos.

2. Os propietarios de animais mortos así como os titulares de clínicas veterinarias deberán entregar estes a xestor autorizado.

3. Non obstante o disposto o apartado anterior, cando se trate de animais domésticos poderán os seus propietarios así como os titulares das clínicas solicitar o servizo especial municipal de recollida, salvo que exista unha normativa específica para a súa eliminación ou que polas súas características, grao de descomposición, tamaño ou outras peculiaridades non sexa posible a súa xestión municipal, en cuxo caso se indicará ao interesado a forma de xestionalo.

4. O servizo especial municipal de recollida de animais domésticos mortos prestarase a domicilio, salvo que polas condicións de localización do animal, a distancia ou os acceso se estableza outro polo Concello ou prestador do servizo.

5. O propietario ou titular da clínica correrá cos custos da xestión.

Artigo 31. Voluminosos: móbiles e enseres

Os ciudadáns que desexen desprenderse de móbiles, enseres e outros residuos voluminosos cuxa recollida non sexa obxecto de recollida separada nesta ordenanza ou de acordo coa normativa aplicable, deberán:

- a) entregalos nun punto limpo, ou
- b) utilizar o servizo especial de recollida domiciliaria establecido polo Concello, ou
- c) entregalos a xestor autorizado.

Artigo 32. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos

Os ciudadáns que desexen desprenderse de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos deberán:

- a) entregalos ao distribuidor no momento de compra dun novo, ou
- b) entregalos no punto limpo, ou
- c) depositalos nos colectores debidamente identificados a tal fin para cada categoría de residuo eléctrico e electrónico, ou
- d) solicitar o servizo especial de recollida domiciliaria de residuos eléctricos e electrónicos.

Artigo 33. Vehículos abandonados

1. Queda prohibido o abandono de vehículos, sendo responsabilidade dos seus titulares a axeitada xestión dos mesmos de acordo co disposto na normativa aplicable.

2. Presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo municipal, nos seguintes casos:

- a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilegibles.
- b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.
- c) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fose depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

Nos supostos previstos na letra c) e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este para que, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, no prazo de 15 días retire o vehículo, coa advertencia, de que transcorrido o devandito prazo, se procederá á súa xestión como vehículo ao final da súa vida útil.

3. Nos casos previstos no apartado anterior e con independencia das sancións que, se no seu caso, se puidesen impoñer, o Concello entregará o vehículo abandonado nun centro de tratamiento para a súa xestión, debendo os propietarios de vehículos abandonados aboar os custos de recollida e, no seu caso, de xestión conforme ao disposto na correspondente ordenanza e na normativa aplicable.

Artigo 34. Servizo especial de recollida de vehículos ao final da súa vida útil

Os ciudadáns que desexen desprenderse dun vehículo ao final da súa vida útil deberán:

- a) entregalo a un centro de tratamiento, de acordo co establecido na normativa aplicable, ou
- b) solicitar, unha vez que se obteña a baixa administrativa deste, o servizo municipal especial de recollida de vehículos ao final da súa vida útil, aboando os custos de xestión ocasionados polo servizo.

Artigo 35. Podas e outros residuos de xardinaría

1. Os cidadáns que desexen desprenderse de podas e residuos de xardinaría nunha cantidade superior a 50 kg/día deberán:

- a) entregalos a xestor autorizado, ou
- b) entregalos nun punto limpo.
- c) solicitar o servizo municipal especial de recollida.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, os cidadáns poderán levar a cabo a compostaxe dos mencionados residuos nos seus domicilios particulares, sempre que non ocasionen molestias ou olores aos veciños.

Artigo 36. Solicitude do servizo municipal especial de recollida

1. A solicitude de calquera dos servizos municipais especiais de recollida deberá facerse telefónicamente ou por calquera outro medio de comunicación co Servizo de Medio Ambiente do Concello ou, no seu caso, co prestador do servizo.

2. Corresponde ao usuario do servizo depositar os residuos de que se trate no lugar que o servizo lle indique, respectando as datas, horarios e outras condicións que se establecesen.

TÍTULO III. INSPECCIÓN E SANCIÓN**Capítulo I Inspección e control****Artigo 37. Servizo de inspección**

1. O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento no disposto na presente Ordenanza corresponderá ao persoal que teña atribuídas as devanditas funcións así como aos axentes da policía local.

2. O persoal ao que fai referencia o apartado anterior, no exercicio das súas funcións inspectoras terá a condición de axente da autoridade estando facultado para acceder sen previo aviso ás instalacións nas que se desenvolvan actividades reguladas nesta Ordenanza así como para inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, tales como colectores e bolsas de lixo.

Artigo 38. Deber de colaboración

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente Ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitir ao persoal a que fai referencia o artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección o acceso ás citadas instalacións así como prestarllellas colaboración e facilitarllellas a documentación necesaria para o exercicio das devanditas labores de inspección.

Capítulo II Infraccións e sancións**Sección 1ª Infraccións****Artigo 39. Infraccións**

1. Consideráranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo de que os preceptos desta Ordenanza poidan contribuír á súa identificación más precisa.

2. As infraccións tipificadas na presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 40. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves:

- a) Depositar os residuos sen compactalos para reducir o seu volume e que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e colectores.
- b) Depositar os residuos sen separalos por fraccións ou en colectores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada fracción de residuos ou contravindo o disposto na presente Ordenanza.
- c) Sacar os colectores á vía pública para a súa recollida polo servizo público en horas e lugares distintos aos establecidos polo Concello.
- d) Incumplir os horarios de depósito e entrega de residuos.
- e) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello.
- f) Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascás e desperdicios similares.
- g) Manipular colectores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de colectores ou desprazalos fóra das súas ubicacións.
- h) Utilizar os colectores para fins distintos aos previstos na presente Ordenanza.
- i) Incumplir as obrigas previstas no artigo 13.3.b) e no artigo 13.4 da presente ordenanza.
- j) Utilizar un colector de uso exclusivo sen a previa autorización do Concello incumprindo o previsto no artigo 13.3.a) da presente ordenanza.
- k) O incumplimento polos produtores e/ou posuidores de residuos comerciais non perigosos do disposto no artigo 10.2 da presente ordenanza.
- l) A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

Artigo 41. Infraccións graves

Consideraranse infraccións graves:

- a) O abandono ou vertedura incontrolada de calquera tipo de residuos municipais sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou producíse un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.
- b) A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control do Concello, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Solos contaminados
- c) A entrega, venda ou cesión de residuos municipais non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados e na presente ordenanza así como a aceptación destes en condicións distintas ás previstas nestas normas.
- d) A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando pola súa escasa contía ou entidade non mereza esta cualificación de moi grave.

Artigo 42. Infraccións moi graves

Considerarase infracción moi grave o abandono ou vertedura incontrolada de calquera tipo de residuos municipais cando se poña en perigo grave a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.

Artigo 43. Prescripción

1. As infraccións leves prescribirán ao ano, as graves aos tres anos e as moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescripción das infraccións comenzará a contarse dende o día en que a infracción se tivese cometido.
3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescripción comenzará a contar dende o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, o devandito prazo computarase dende que estes se manifesten.
4. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Sección 2ª Sancións

Artigo 44. Sancións leves

As infraccións tipificadas no artigo 40 sancionaranse conforme ao disposto no artigo 47.1.c) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Solos contaminados.

Artigo 45. Sancións graves

As infraccións tipificadas no artigo 42 sancionaranse conforme ao disposto no artigo 47.1.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Solos contaminados.

Artigo 46. Sancións moi graves

As infraccións tipificadas no artigo 42 sancionaranse conforme ao disposto no artigo 47.1.a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Solos contaminados.

Artigo 47. Obriga de repoñer

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá reparar o dano causado repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario.
2. Se o infractor non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 48.
3. Así mesmo, en caso de incumprimento, a devandita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria polo concello. Os custos orixinados polas actuacións a realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción esixíndolle, se é o caso, a indemnización a que houbese lugar por danos e prexuízos causados.

Artigo 48. Multas coercitivas

Sen prexuízo da sanción que se puidese impoñer, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas conforme ao artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A contía de cada unha destas multas non poderá superar un terzo da multa fixada por infracción cometida, sen que en ningún caso poida superar os 1.000 euros.

Artigo 49. Prescripción

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.
2. O prazo de prescripción das sancións comenzará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquirira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 50. Colaboración na execución de medidas xudiciais en materia de menores e recollida de residuos.

1. O Concello de GUITIRIZ promoverá a firma de acordos de colaboración coas entidades públicas competentes en materia de menores da Comunidade Autónoma. 2. Os acordos de colaboración a que fai referencia o apartado anterior terán por obxecto facilitar a execución das medidas xudiciais de reforma impostas polos xulgados de menores consistentes en traballo en beneficio da comunidade, de acordo co Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a lei reguladora da responsabilidade penal dos menores, facilitando que estes poidan realizar como prestacións en beneficio da comunidade labores de limpeza e de recollida de residuos, sempre que estean relacionadas coa natureza do ben xurídico lesionado polo feito cometido por aqueles.

Artigo 51. Publicidade das sancións

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquira firmeza.

Artigo 52. Competencia e procedemento sancionador

1. Corresponde ao Alcalde a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades conforme a esta Ordenanza levaranse a cabo de conformidade ao previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normativa que lle sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Disposición derogatoria única. Normas derogadas

Quedan derogadas todas as disposicións do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas na presente Ordenanza en canto se opoñan ou contradigan ao contido desta.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. Entrada en vigor

Esta Ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Disposición final segunda. Competencia

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias poderá interpretar, aclarar e desenvolver os artigos da presente Ordenanza."

Guitiriz, 26 de marzo de 2015. O ALCALDE. Xosé M^a Teixido Núñez

Anexo I

Lista ilustrativa dos residuos a depositar en cada un dos colectores

Vidro

Botes e botellas de vidro de calquera cor
Tarros de cosmética e perfumaría
Frascos de conservas

Artigos de vidro, agás espellos e vidro planar

Papel e cartón (non manchado e sen plásticos e metais)

Revista e xornais
Libros, cadernos, libretas, folios, carpetas, cartolinhas
Caixas de cartón
Bolsas de papel
Oveiras de cartón

Envases lixeiros

Latas de conservas de aceiro ou aluminio
Latas de bebidas de aceiro ou de aluminio
Bandexas e envoltorios de aluminio
Tapas, tapóns, chapas
Cartóns de leite, batidos, zumes, cremas, etc.
Botellas de plástico de augas, aceite, iogur, zumes

Envases de plástico, metálicos, de productos lácteos, tales como iogures, manteiga, queixo, etc.

Oveiras de plástico

Botes de plástico de produtos de hixiene persoal, tales como cremas, xel de baño, pasta de dentes
Botes de plástico de produtos de limpeza doméstica, tales como deterxentes, lejía, suavizantes.

Bolsas de plástico

Bandexas de plástico e filme plástico de envasado de alimentos

Residuos sanitarios asimilables a domésticos non punzantes, nin cortantes e non perigosos (non infecciosos, nin radioactivos)

Material de curas non infectado

Luvas e outros desbotables cirúrxicos

Xesos

Téxtil funxible

Roupa desbotable

Cueiros

Sondas

Bolsas de sangue baleiras

Filtros de diálise

Obxectos e material dun só uso contaminados con secrecóns ou excrecóns

Obxectos e materiais dun só uso que non presenten risco infeccioso

Fracción Resto

Esta relación adaptarase ao modelo de xestión implantado no municipio, que poderá considerar a entrega e xestión de certos fluxos (como xoguetes, menaje e outros obxectos plásticos e metálicos) a través, por exemplo, de puntos limpos.

Materia orgánica

Restos de comidas, agás aceites vexetais usados

Cueiros

Papel de cociña, de celofán

Papel hixiénico

Papel sucio, manchado de graxa, de comida

Pratos, vasos de plástico e de papel, usados e/ou manchados

Panos da mesa de papel

Bolígrafos, rotuladores

Cepillos de dentes

Xoguetes non electrónicos e sen pilas

Luvas de goma

Perchas

Tixolas, cacerolas, cazolas e outros elementos de menaje similares

R. 1347

LÁNCARA

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día vinte e cinco de febreiro de dous mil quince , a ordenanza fiscal reguladora de entradas de vehículos a través das beirarrúas.

Exponse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de 30 días hábiles, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que se poidan formular alegacións ou reclamacións.

Láncara a 25 de marzo de 2015. O ALCALDE ,Eladio Capón López.

R. 1348

LUGO

Anuncio

NOTIFICACIÓN EDICIAL DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 y 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (BOE, de 27 de Novembro de 1992),